

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 3 DE MAIO DE 2022

Na Sala Branca do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e trinta minutos do día tres de maio de dous mil vinte e dous, reúnense en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 17/09/2019, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidente: D. Alvaro Carou García (incorpórase ás 20:51 horas)

Vogaís: Dna. Ana M^a Granja Guillán

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. José Luis Peso Teodosio

D. Álvaro Penas Cascón (suplente de Dna. M^a De la O Fernández González)

Dna. Alba Briones Gamarra

D. José Ramón Santorum Canto (incorpórase ás 20:45 horas)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M^a Otero Piñeiro

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión ordinaria do día dezasete de febreiro de dous mil vinte e dous e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO UN DE FEBREIRO AO TRINTA DE ABRIL DO PRESENTE ANO.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do un de febreiro ao trinta de abril do presente ano, relativas a:

Mes de Febreiro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 14/02/22 .-**“1.- Autorización en precario a D. Manuel Crespo Sobral como representante do grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Guillán , os luns e mércores de 20:00-22:00 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes. Anulando parcialmente a Resolución do Sr. presidente con data 21/01/2022, no relativo ao días concedidos
2.- Comprobada a relación presentada de usuarios/as que van facer uso da citada instalación, faise constar que a data 14/02/2022, dos 9 usuarios/as, 5 posúen carné fundación. Polo que, deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné da Fundación de Deportes, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.”
- **2ª Resolución con data 18/02/22 .-**“1.- Autorización ao Club Arosa, S.C., o uso do Ximnasio de Musculación do Complexo Deporivo Municipal Fontecarmoa, os luns, de 21:00-22:00 horas, tempada 2021/22, debendo cumprir coas seguintes normas:
 - Presenza dun adestrador titulado durante toda a permanencia dos xogadores no ximnasio.
 - Uso obrigatorio de toalla e máscara de cada usuario.
 - Desinfección de cada máquina ou pesa, despois do seu uso.2.- Autorizar ao devandito Club o uso en precario do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, para os adestramentos específicos de porteiros, os luns, de 17:15-18:30 horas. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.
3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Fútbol.
4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación

de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **Resolución con data //22** .-“1.- Aprobación da coorganización con Special Olympics Galicia, para a celebración dos 27º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 5 de marzo do presente ano, no Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.
2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado a devandita Entidade Deportiva e a Fundación de Deportes, con un representante de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.
3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a: D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes e, pola outra parte a Dna. Eunice Mosquera Arnos, directora Técnica de Special Olympics Galicia, en representación da súa entidade.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 11/02/22** .-“1.- Adxudicación á empresa FISIOMARKET, S.L., a adquisición de equipamento para a valoración da condición física dos participantes no Programa Activo Maiormente, incluído dentro do PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA ADULTOS, ANO 2022, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe total de 493,22 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,02.
2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE.”
- **2ª Resolución con data 11/02/22** .-“1.- Adxudicación á empresa GRUPO ELECTRO STOCKS, S.L.U. (KILOVATIO) a adquisición dun interacumulador eléctrico de 300 litros para a reposición do mesmo no Campo de Fútbol Municipal de Berdón, dado que conforme informe da empresa adxudicataria do Mantemento das instalacións térmicas non é posible a súa reparación, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe de 700,59 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-623,00.”
- **3ª Resolución con data 15/02/22** .-“1.- Adxudicación á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L. (STIN, S.L.), a adquisición da reposición dun equipo informático para a oficina do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe de 846,52 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-626,00.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 03/02/22** .-"1.- Aprobación da contabilización do ingreso non presupostario efectuado na conta bancaria da Fundación de Deportes con data 21 de xaneiro do presente ano, dado o erro da conta bancaria de D. Alberto Rey Silva, correspondente ao pagamento do recoñecemento da obriga da factura nº 07/2021/001, polo servizo prestado de speaker na XVII Edición da Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía, por importe de 136,80 €, con cargo á partida económica 20501.
2.- Efectuar o pagamento non presupostario na conta bancaria correcta a favor de D. Alberto Rey Silva polo importe anteriormente sinalado, con cargo á partida económica 20501."

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 08/02/22** .-"1.- Aprobación das 5 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes do I Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos (xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, periodo do 31 de xaneiro ao 4 de febreiro do presente ano (listado de rexistros do nº 288 ao nº 292)."
- **2ª Resolución con data 15/02/22** .-"1.- Aprobación das 6 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes do I Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos(xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, periodo do 7 ao11 do febreiro do presente ano (listado de rexistros do nº 293 ao nº 298)."
- **3ª Resolución con data 22/02/22** .-"1.- Aprobación das 5 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes do I Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos(xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, periodo do 14 ao18 do febreiro do presente ano (listado de rexistros do nº 299 ao nº 303)."

Mes de marzo :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 07/03/22** .-"1.- Autorización a Dna. Marina Moral Castro, estudante da Universidade de Vigo, do Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, a realización do seu Traballo de Fin de Grao, que consiste nun estudo/proxecto de investigación donde se levará a cabo a intervención a dous grupos de adultos maiores de 65 anos (un grupo control e un grupo intervención), entre as persoas participantes no programa Activo MAIORmente, incluído no PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS ANO 2022, que ten como finalidade a valoración da capacidade da forza, durante o periodo de dous meses. Debendo estar en todo

momento da realización das probas para o estudo, acompañada por un técnico deportivo da Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que os/as participantes nas probas obxecto deste estudo e intervención, deberán asinar un documento de consentimento informando da participación nun estudo/proxecto de investigación.

3.- Comunícaselle que tanto a Univerdidade de Vigo como a Sra. Moral, deberán cumprir co establecido na lexislación sobre a Lei de Protección de Datos, no referente aos participantes no devandito estudo/intervención.”

- **2ª Resolución con data 08/03/22** .-“1.- Remisión da solicitude do Club Ciclista Xiabre de autorización do percorrido (folla adxunta) da XXV MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Dado que parte do percorrido desenvólvese por vías que non son propiedade Municipal, comunícaselle que deberá presentar as correspondentes autorizacións da Xefatura Provincial de Tráfico e Xunta de Galicia, previa á aprobación pola Xunta de Goberno Local, así como previa á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

3.- Autorizar ao citado Club, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para que os participantes poidan cambiarse antes do inicio e ducharse ao finalizar a devandita Marcha Ciclista, dende as 08:45 horas (cambiarse antes da proba) e, a partir das 13:40 horas (despois da proba). O cal xenerará a realización dunha hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 16,45 €/h., con cargo á partida 342-1510001/13001.

4.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Aprobar a cesión de 15 mesas e do arco hinchable para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da

súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo. Supeditada en todo caso, á obtención de autorización do uso do Recinto do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro (patio), que deberá o propio Club/Entidade Deportiva solicita-lo á dirección do devandito Centro, para a súa aprobación se procede.

7.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión e instalación dun palco e 6 carpas, sempre e tanto, teña autorizado o uso do recinto do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro (patio) pola dirección do devandito Centro.

. Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a colaboración dos Departamento da Policía Local e Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, para a súa colaboración de acordo ao seu escrito.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle...”

- **3ª Resolución con data 14/03/22** .-“1.- Autorización ao ATLÉTICO FAXILDE C.F., o uso do Campo de Fútbol Municipal da Pelada, para a celebración dos torneos: TORNEO PREBENXAMÍN, o vindeiro día 17 de maio do presente ano e o TORNEO SANTA RITA 2022 BENXAMÍN E ALEVÍN, os vindeiros días 21 e 22 de maio do presente ano. Debendo na maior brevidade posible, presentar o horario de uso da devandita instalación deportiva.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de dúas casetas-vestiario que se atopan no Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- No relativo á cesión e montaxe dun graderío supletorio na instalación, comunicaselle que se está valorando polo Servizo de Mantemento, a viabilidade, dado as dificultades da montaxe do mesmo, ao non contar esta instalación cunha capa de asfalto, polo que non se pode acceder polo céspede cun peso excesivo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Concellería de Cultura, a inclusión dos devanditos Torneos no programa de Festas de SANTA RITA 2022.

. Concellería de Medio Ambiente, a cesión de colectores de lixo.

6.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa para o deporte federado, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Fútbol.

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Conceder 9 trofeos para a entrega de premios, da remesa da Fundación de Deportes.

9.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

9.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

9.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

9.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

9.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

9.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa

cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

10.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **4ª Resolución con data 15/03/22** .-"1.- Autorización ao SAN MARTIN CLUB DE FÚTBOL, o uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, para a celebración do I TORNEO RAMIRO CARREGAL SOCCER CUP, os vindeiros días 15, 16 e 17 de abril do presente ano, o que xenerará debido ao rego do campo, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 16,45 €/h., con cargo á partida 342-1510001/13001. Debendo na maior brevidade posible, presentar o horario de uso da devandita instalación deportiva.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Servizo de Obras, a cesión de carpas, mesas e cadeiras, para a habilitación dunha zona de descanso.

. Área de Comunicación, a elaboración da cartelería publicitaria do evento.

. Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

5.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa para o deporte federado, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Fútbol.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Conceder 6 trofeos para a entrega de premios, da remesa da Fundación de Deportes.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle, “

- **5ª Resolución con data 15/03/22** .-“1.- Autorización en precario á Asociación G.F.MOCIDADE DA TORRE-83, o uso do Pavillón Municipal da Torre, os luns de 21:00-23:00 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de maio.

Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que dado que non se pode considerar unha actividade propia da Asociación ao non ser unha actividade dirixida e, sendo unha actividade deportiva de ocio para os socios da entidade. Deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné da Fundación de Deportes e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 €, para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunicalo por escrito a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálogo de Procedementos 30001 (Instancia Xenérica), aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Faise constar que xa presentou a relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.), non sinalando que posúa ningunha persoa Carné da Fundación de Deportes e, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándosele automaticamente a súa autorización.”

- **6ª Resolución con data 18/03/22** .-“1.- Autorización á Federación Galega de Rugby, o uso do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, para o desenvolvemento dun adestramento da selección galega Sub 16, o vindeiro día 20 do presente mes, de 10:00-13:30 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Rugby.”

- **7ª Resolución con data 18/03/22** .-“1.- Autorización ao Club Arosa S.C., o uso do Pavillón Municipal de Guillán, para o desenvolvemento dun adestramento específico do equipo infantil A, o vindeiro día 22 do presente mes, de 18:30-19:45 horas.
2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Fútbol.”
- **8ª Resolución con data 21/03/22** .-“1.- Autorización ao Club Arosa S.C., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, para a celebración dun encontro amistoso entre a Selección Galega, categoría Cadete e o seu equipo Xuvenil, o vindeiro día 23 do presente mes, de 18:30-20:00 horas.
2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Fútbol.
4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle...”
- **9ª Resolución con data 28/03/22** .-“1.- Autorización á Agrupación Atlética Mazí, o uso do Xinmasio de Musculación do Complexo Deporivo Municipal Fontecarmoa, os mércores de 21:00-22:00 horas, tempada 2021/22, debendo cumprir coas seguintes normas:
 - Presenza dun adestrador titulado durante toda a permanencia dos atletas no ximnasio.
 - Uso obrigatorio de toalla e máscara de cada usuario.
 - Desinfección de cada máquina ou pesa, despois do seu uso.
 2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole.

Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **10ª Resolución con data 30/03/22** .-“1.- Autorización ao Club Arosa S.C., o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa, para a celebración dunha xornada de convivencia con futbolistas da zona, en conxunto co Real Club Celta de Vigo, o vindeiro día 4 de abril do presente ano, de 16:30-20:30 horas.
2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Fútbol.
4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
5.- Comunicarlle que previo ao inicio da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.
6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle “

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 03/03/22** .-“1.- Aprobación da realización da loxística e o gasto de coorganización con SPECIAL OLIMPICS GALICIA, para a celebración dos 27º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, que se vai levar a cabo no Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, o vindeiro día 5 do presente mes, por importe total de 1.597,13 € e, na que a Fundación de Deportes farase cargo do seguinte:
 - Adquisición de 144 medallas
 - Servicio de Ambulancia medicalizada
 - Servizo de limpeza extraordinaria da instalación no desenvolvemento
 - Material deportivo da Fundación de Deportes.
 - Recollida e devolución das mesas de Tenis de Mesa cedidas polo Club Deportivo Vilagarcía Tenis de Mesa.

2.- Adxudicar ás empresas que a continuación se relacionan, a realización do subministro e servizos para a celebración do devandito evento, por importe total de 1.597,13 € (I.V.E. incluído):

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis. medallas	244,80	.- 342-226,9901
AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.	Servizo ambulancia medicalizada	... 950,00	.- 342-226,09
CLECE, S.A.	Limpeza ext. instalación	<u>402.33</u>	.- 342-227,00
	Total	1.597,13	€

3.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:"

- **2ª Resolución con data 10/03/22** .-"1.- Autorización a D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación, a realización do Curso Formativo "INSTRUCTOR PILATES SUELO", en modalidade On Line. Así como aprobar os gastos de inscrición, por importe de 621,00 €, con cargo á partida 342-162,00. Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos."

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 2/03/22** .-"1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de febreiro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 2.721,85 €."
- **2ª Resolución con data 2/03/22** .-" .- Aprobación da relación e facturas con acordo previo, mes de febreiro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 18.901,23 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800001122F, correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xaneiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 0214800001822F correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE

EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de xaneiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 0214800002722F correspondente a realización do reforzo de limpeza no C.E.I.P. A Escardia no que se levan a cabo diversas actividades de adultos, incluídas no PROXECTO DE ACTIVIDADES FISICO RECREATIVAS DE ADULTOS, ANO 2022, mes de xaneiro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 21/01/2022, por importe de 69,56 €, con cargo á partida 342-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA, pola factura nº Emit-1, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de baloncesto, 1 grupo, mes de xaneiro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 25/11/2021, por importe total de 200,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22024 , correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de xaneiro, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERVICIOS TÉCNICOS E INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L.(empresa adxudicataria do Concello de Subministros de equipos informática), pola factura nº 22000381 0, correspondente a adquisición por reposición dunha CPU para a oficina do encargado do Servizo de

Mantemento da Fundación de Deportes, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/02/2022, por importe de 846,52 €, con cargo á partida 342-626,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa FISIOMARKET, S.L., pola fra. Nº FV20-71441 correspondente á adquisición de equipos de valoración da condición física para os participantes no programa Activo Maiormente, incluído dentro do PROXECTO DE ACTIVIDADES FISICO RECREATIVAS DE ADULTOS, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/02/2022, por importe de 493,22 €, con cargo á partida 342-623,02.”

- **3ª Resolución con data 02/03/22** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, mes de febreiro, por importe total de 9.302,88 €, con cargo ás partidas 342-221,00.”
- **4ª Resolución con data 09/03/22** .-“1.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Evangelina Lago Rodríguez , do ingreso a maiores do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Tipo ≥ 65 , por importe de 15,00 €, con cargo á partida 343,00.
2.- Aprobar a devolución a favor de D. Javier Vizcaíno Rodríguez, do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 45,00 €, con cargo á partida 343,00.
3.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Mª José Veiga Pena, do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición da Escola Municipal de Base, modalidades de Tenis e Tenis de Mesa, curso 2021/22, da súa filla, por importe de 9,00 €, con cargo á partida 343,01.
4.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Rocío Diéguez Barreiro, do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición na Escola Municipal de Base, modalidades de Tenis e Baloncesto, curso 2021/22, do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.”
- **4ª Resolución con data 14/03/22** .-“1.- Aprobación do abono en nómina dun plus de produtividade, por importe correspondente aos días exercidos como encargado Accidental do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, periodo do 1 ao 7 do presente mes, do complemento por importe de 319,71 €/mes (cantidade que recibe o encargado do servizo de mantemento como complemento por exercer esta función), sen que o mesmo sexa descontado ao Encargado titular por ter dereito a causar baixa por enfermidade no seu posto de traballo, con cargo á aplicación presupostaria 342-130,0205.
2.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Persoal, para o seu coñecemento.”

- **5ª Resolución con data 25/03/22** .-“1.- Aprobación do abono en nómina dun plus de produtividade, por importe correspondente aos días exercidos como encargado Accidental do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, periodo do 21 ao 27 do presente mes, do complemento por importe de 319,71 €/mes (cantidade que recibe o encargado do servizo de mantemento como complemento por exercer esta función), sen que o mesmo sexa descontado ao Encargado titular por ter dereito a causar baixa por enfermidade no seu posto de traballo, con cargo á aplicación presupostaria 342-130,0205.
2.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Persoal, para o seu coñecemento.”
- **6ª Resolución con data 31/03/22** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de marzo, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 3.744,81 €.”
- **7ª Resolución con data 31/03/22** .-“ Aprobación da relación e facturas con acordo previo, mes de marzo, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 20.562,23 €:
1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800004522F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de febreiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.
2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 0214800005222F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de febreiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 2226, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 1º trimestre (xaneiro, febreiro e marzo), ano 2022 aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/10/2021, por importe total de 1.875,50 €, con cargo á partida 342-227,9902.

4.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA, pola factura nº Emit-2, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de baloncesto, 1 grupo, curso 2021/22, mes de febreiro ano 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 25/11/2021, por importe total de 200,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa AMBULANCIAS DO NORDES, S.L., pola factura nº 22 83, correspondente a prestación do servizo de ambulancia, pola celebración dos 27º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/03/2022, por importe de 950,00 €, con cargo á partida 342-226,09.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22036, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de febreiro, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 17, correspondente á adquisición de 144 medallas, pola celebración dos 27º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/03/2022, por importe de 244,80 €, con cargo á partida 342-226,9901.”

- **8ª Resolución con data 31/03/22** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1

do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de marzo, por importe total de 21.578,21 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente.”

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 04/03/22** .-“1.- Aprobación da Folla de Inscripción do 2º Curso das Actividades Física-Recreativas para Adultos (nados en 2.005 e anteriores), correspondente aos meses de abril, maio e xuño de 2022, incluída no “PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS ANO 2022, co desglose anteriormente sinalado.”
- **2ª Resolución con data 10/03/22** .-“1.- Aprobación do nomeamento a D. Juan Jose Ventoso Fuentes, como Encargo Accidental do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, para cubrir os permisos correspondentes a vacacións, asuntos propios ou outras causas de ausencia (baixas, compensación de horas, etc..) de D. Francisco Javier Vicente Maneiro, con efectos retroactivos do 1 de marzo de 2022.
2.- Remitir ao departamento de Persoal do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa o presente asunto, para o seu coñecemento.”

Mes de abril :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 01/04/22** .-“1.- Autorización ao CLUB DEPORTIVO BAMIO, o uso do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, para a celebración do I TORNEO FESTA RACHADA ALEVÍN F-8 C.D. BAMIO 2022, o vindeiro día 25 de xuño do presente ano.
2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
3.- Aprobar a cesión de 2 marcadores electrónicos e de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.
4.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
 - . Servizo de Obras, cesión de 8 carpas coas súas lonas laterais e 10 valadas.
 - . Área de Comunicación, a colaboración da impresión de 200 diplomas elaborados polo citado Club para os participantes no devandito Torneo.
 - . Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
- 5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal

de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Conceder 4 trofeos para a entrega de premios, da remesa da Fundación de Deportes.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

7.2) Aportarse un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

2ª Resolución con data 06/04/22 .-“1.- Comunicarlle a Dna. Elisabet Sotelino Patiño e/r da Asociación Ares Arousa, que conforme artigo 14.2 (Dereito e obriga a relacionarse electrónicamente coas administracións públicas) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que di

literalmente o seguinte: "... estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a relación de calquer trámite de procedemento administrativo, ao menos os seguintes casos: a) As persoas xurídicas.b)...c) Quen represente a un interesado que esté obrigado a relacionarse electrónicamente coa administración". Polo que, a Asociación ten a obriga de realizar a súa solicitude a través da sede electrónica co seu certificado dixital de persoa xurídica e, no futuro para atender as súas solicitudes deberá realizar a presentación do rexistro pola Sede Electrónica da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, cun certificado dixital da devandita Asociación, posto que a xustificación de tramitación do mesmo, supera o tempo permitido (maís dun ano).

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede, para a celebración do IV CONCURSO SOCIAL DE DOMA CLÁSICA, o vindeiro día 10 do presente mes:

- . Departamento de Obras, a cesión de 1 carpa.
- . Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
- . Servizo de emerxencias, o servizo dun camión con auga para o rego da pista.

3.- Comunicarlle que no relativo a concesión de trofeos/medallas, deberá detallar a cantidade para poder levar a cabo a súa tramitación."

- **3ª Resolución con data 06/04/22** .-"1.- Autorización ao CLUB ATENAS RUNNING VDA, o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para os adestramentos dos seus deportistas, tempada 2021/22, previa reserva das mesmas antes de cada uso, xa que polas características do seu deporte e horarios laborais dos seus deportistas, van en diferentes horarios e, dentro das dispoñibilidades de franxas horarias da devandita instalación.

2.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación correspondente.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros."

- **4ª Resolución con data 08/04/22** .-"1.- Autorización ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso do Pavillón Municipal de Castelao, Pavillóns nº 1 e 2 do Complexo Deportivo

Municipal Fontecarmoa e as 3 pistas polideportivas existentes do Recinto de Fexdega coas medidas regulamentarias para baloncesto, para a celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, os vindeiros días 14, 15 e 16 do presente mes, debendo presentar na maior brevidade posible, o horario necesario de apertura e pecha das instalacións autorizadas. O que xenerará por tratarse de días festivos, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 16,45 €/h., con cargo á partida 341-151/13001. Así como autorízaselle levar a cabo o montaxe dende o vindeiro día 11 do presente mes, debendo presentar na maior brevidade posible, o horario necesario e sempre, na franxa horaria de apertura da citada instalación.

2.- Comunicarlle que deberá deixar todas instalacións autorizadas, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas mesmas polos participantes na devandita actividade.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de reserva de aparcadoiros de espazos públicos, para a organización do Torneo e autobuses dos equipos participantes, nas proximidades das instalacións autorizadas, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Autorización dos espazos do Recinto Fexdega de 2 vestiarios, dunha oficina para gardar o material preciso para a competición e, uso dos tramos de graderíos para colocar en cada pista polideportiva. Comunicándolle que para a levar a cabo o devandito Torneo nas dependencias do citado Recinto, o organizador do evento deberá contar coa seguinte documentación:

“1) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.

2) Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección. Os planos de evacuación existentes deberán ser actualizados segundo o recollido no devandito plan de protección.

3) Deberá presentarse a documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. No caso de voluntariado aportarase documentación

que acredite tal circunstancia. Tanto no caso de traballadores como de voluntarios poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.

4) Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega.

5) Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. Os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

7) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

8) Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc en relación ó tema.

9) Aportarase un plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento.

10) A responsabilidade do acontecido nas instalación a disposición do evento sera do organizador/promotor do mesmo, polo que o evento deberá quedar cuberto por unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha cuantía mínima de 300.000€.

11) Deberá responsabilizarse da limpeza do espazo que ocupe/use e que unha vez rematado o evento deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo.

12) Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

13) E requisito imprescindible para o inicio dos traballos de montaxe a presentación da documentación requirida, excepto a relativa a certificación de montaxe e/ou instalación”

5.- Ceder o material, así como a realización dos traballos que a continuación se relacionan, para o desenvolvemento do devandito Torneo e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo:

- . 5 xogos de canastras adaptables a minibasket e 3 xogos de minibasket do Recinto Fexdega.
- . 1 xogo de canastras categoría abosoluta adaptable a minibasket do Pavillón Municipal Castelao.
- . 3 marcadores portátiles e 1 marcador de parede da propia instalación (Recinto Fexdega).
- . Repaso da marcaxe dos 4 campos de baloncesto, categoría absoluta do Recinto Fexdega.
- . A colocación dos tramos de graderíos en cada pista polideportiva do Recinto Fexdega.

6.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de Cesión de 500 cadeiras, 100 valadas, o montaxe de dous Palcos (escenario) de 80 m (10x4) e outro de (6x3), mesas e bancos para comer 200 persoas e, a cesión de mastros para a colocación das bandeiras oficiais.
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha lona xigante co logo de Vilagarcía Basket Cup no exterior do Recinto Fexdega, así como das pancartas do interior.
- Departamento do Auditorio, unha megafonía de calidade para a zona de ocio e unha pantalla co seu proxector.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil (ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios).

- Área de Comunicación, a impresión dos calendarios do Torneo, así como a confección e impresión dos carteis publicitarios do devandito Torneo.
- Departamento de Protocolo, a cesión de bandeiras oficiais.
- Concellería de Turismo, colaboración coa disposición do tren turístico unhas determinadas horas, así como con espazos publicitarios nas pantallas de video do Concello para a promoción do Torneo.

7.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios, aseos públicos e hall do Recinto Fexdega, os días 14, 15 e 16 do presente mes, solicitando presuposto á empresa Clece, S.L., por importe de 335,78 €. I.V.E. incluído (segundo orzamento). Así como comunícaselle que o resto da Limpeza de todas as dependencias autorizadas deberá facerse cargo a organización do citado Torneo, debendo deixar as mesmas nas condicións en que se lles presta para o seu uso o luns día 18 do presente mes.

8.- Conceder 12 trofeos para os primeiros clasificados nas diferentes categorías, 2 trofeos para o campión e subcampión de triples e 10 recordos para os clubs participantes (infantil, cadete e junior) solicitando presupostos ás empresas BARRAL NÚÑEZ, MAR e DEPORTES RODAS, S.L. por importe total de 940,50 €.

9.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

10.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como a elaboración e implantación dun Plan de Autoprotección do evento (Recinto Fexdega), certificación do cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as obrigas, tal como se solicita a os organizadores dos diferentes eventos en Fexdega.

11.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **5ª Resolución con data 18/04/22** .-“1.- Autorización á AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA, o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, os vindeiros días 24 do presente mes e 1 de maio do presente ano, para a celebración da Fase de Ascenso a 1ª División Autonómica Feminina, de 09:00-14:30 horas e de 16:00-21:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Baloncesto.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **6ª Resolución con data 18/04/22** .-“1.- Traslado ao departamento de obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a solicitude da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, da cesión dunha tarima para a entrega de premios, que se vai levar a cabo o vindeiro día 24 do presente mes, co motivo da celebración da COPA DE ESPAÑA DE VELA RADIO CONTROL IOM, para a súa aprobación, se procede.”

- **7ª Resolución con data 19/04/22** .-“1.- Autorización ao CLUB VILAGARCÍA, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do V TORNEO PAZO DA GOLPELEIRA BENXAMÍN, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 09:00-22:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

4.2) Aportarse un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

4.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **8ª Resolución con data 27/04/22** .-“1.- Cesión á SOCIEDAD GIMNASTICA DE PONTEVEDRA, de 2 indicadores de saída (nº 3 e 7) do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da 1ª XORNADA DE LIGA NACIONAL DE PRIMEIRA DIVISIÓN DE ATLETISMO, o vindeiro día 30 do presente mes, no CGTD de Pontevedra.

2.- Indicarlle que a recollida e devolución do citado material deberá ser a cargo da devandita Entidade, facéndose responsable dos danos que puidera sufrir o material e, debendo devolvelo nas mesmas condicións nas que se lle cedeu.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 06/04/22** .-“1.- Adxudicación á empresa. MONDO IBÉRICA, S.A.U., a adquisición por reposición dos amortiguadores do xogo das canastras do pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dado que están desgastados e dificultan a tarefa de modificación da altura das mesmas, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe total de 1.689,81 € (I.V.E. incluído), con cargo a partida 342-213,00.”

- **2ª Resolución con data 18/04/22** .-"1.- Aprobación da participación do Concello de Vilagarcía de Arousa nos XIV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, que se van a celebrar do 4 ao 9 de xullo do presente ano, na cidade de Maia (Portugal), cunha expedición de 40 persoas, formada por 34 deportistas e 4 adestradores da modalidade deportiva de Atletismo ordinario e Adaptado, así como 2 representantes da Fundación de Deportes.
2.- Aprobar o orzamento de gastos para a participación nos devanditos Xogos, por importe total de 8.179,44 € co seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Equipación da expedición (40 equipaxes rúa e 34 de competición)	2.220,00 .-	342-226,09
Viseiras para equipación de rúa	200,00 .-	342-226,09
Aportación colaboración adestradores (15,00 € persoa/día)	180,00 .-	342-226,09
Servizo de autobuses ida/volta Vilagarcía-Maia	1.500,00 .-	342-226,09
Aloxamento/manutención dos deportistas e adestradores (45,00 €/día)	3.420,00 .-	342-226,09
Dietas coordinador (3 días)	225,44 .-	342-230,20
Locomoción coordinador	134,00 .-	342-231,20
Imprevistos	300,00 .-	342-226,09
Total	8.179,44 €"	

- **3ª Resolución con data 18/04/22** .-"1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan, os servizos e subministros para a celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, os vindeiros días 14, 15 e 16 do presente mes polos seguintes conceptos, a través dun Contrato Menor de Servizos e Subministros, por importe total de 1.276,28 €:

PROVEEDOR	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
CLECE, S.A.	Limpeza extraordinaria	335,78 €	342-227,00
	Recinto Fexdega		
DEPORTES RODAS	Adquis. Trofeos	340,50 €	342-226,9901
VILAGARCÍA, S.L.	Recordatorios		
BARRAL NÚÑEZ, Mª DEL MAR	Adquis. trofeos finalistas	600,00 €	342-226,9901
-	TOTAL	1.276,28 €	

- **4ª Resolución con data 20/04/22** .-"1.- Aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) acompañados dos seus Anexos e Prego de Prescricións Técnicas (PPT) para levar a cabo a adxudicación do contrato, mediante procedemento Aberto Simplificado Abreviado previsto no art. 159.6 da Lei Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), tramitación ordinaria e Licitación Electrónica, da

prestación do “SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO PARA A FUNDACION PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES), MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (RENTING)”, cun orzamento de licitación por importe de 24.226,62 € (IVE incluído) e unha duración do contrato de catro ano (48 mensualidades), con cargo á partida 342-204,00.

- **5ª Resolución con data 22/04/22** .-“1.- Adxudicación á empresa CLECE, S.A. (empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), a realización do Servizo de limpeza extraordinaria da parte deportiva do Centro Socio Cultural Deportivo de Vilaxoán, despois de finalizadas as obras de ampliación e mellora acometidas na devandita instalación, por importe total de 2.034,37 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-227,00.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 22/04/22** .-“1.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Mª Socorro Cándida de los Reyes Henares, do importe duplicado ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo \geq 65 anos, por importe de 30,00 €, con cargo á partida 343,00.
2.- Aprobar a devolución a favor de D. José Luis Padín Núñez, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo \geq 65 anos, por importe de 30,00 €, con cargo á partida 343,00.
3.- Aprobar a devolución a favor de D. Manuel Crespo Sobral, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 15,00 €, con cargo á partida 343,00.”
- **2ª Resolución con data 29/04/22** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de abril, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 5.280,61 €.”
- **3ª Resolución con data 29/04/22** .-“ Aprobación da relación e facturas con acordo previo, mes de abril, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 21.183,59 €:
1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800007822F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de marzo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800008522F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de marzo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800009222F, correspondente ao reforzo da limpeza do CEIP A Escardia, na que se levan a cabo as actividades de loxa e Estiramientos e Relaxación, do Proxecto de Actividades Físico Recreativas de Adultos, ano 2022, mes de marzo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 2/01/2022, por importe total de 179,71 €, con cargo á partida 342-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800009322F, correspondente a realización da limpeza e desinfección do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, pola celebración do 27º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/03/2022, por importe de 402,33 €, con cargo á partida 342-227,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA, pola factura nº Emit-5, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de baloncesto, 1 grupo, mes de marzo ano 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 25/11/2021, por importe total de 200,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22077, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de marzo, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun

Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa GRUPO ELECTRO STOCKS, S.L.U., pola factura nº1220412336 , correspondente a adquisición por reposición dun interacumulador de 300 litros para o Campo de Fútbol Municipal de Berdón, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/02/2022, por importe de 700,59 €, con cargo á partida 342-623,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 27, correspondente á adquisición de trofeos para a entrega de premios, pola celebración do IV TROFEO SOCIAL DOMA CLÁSICA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/04/2022 e conforme informe da dirección deportiva, por importe de 234,30 €, con cargo á partida 342-226,9901.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 28, correspondente á adquisición de trofeos recordatorios para a entrega aos participantes do evento, pola celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/04/2022, por importe de 340,50 €, con cargo á partida 342-226,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BARRAL NUÑEZ, Mª DEL MAR., pola fra. Nº 5, correspondente á adquisición de trofeos para a entrega de premios, pola celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/04/2022, por importe de 600,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000010122F, correspondente ao reforzo da limpeza do CEIP A Escardia, na que se levan a cabo as actividades de loga e Estiramientos e Relaxación, do Proxecto de Actividades Físico Recreativas de Adultos, ano 2022, mes de febreiro, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 2/01/2022, por importe total de 158,96 €. con cargo á partida 342-227,00.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44593508, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº 11750373, correspondente á contratación da Póliza do seguro de Automóvil da Fundación de Deportes, FORD TRANSIT E3F-SRW 1680CPG, polo período do 24/04/2022 ao 23/04/2023, por importe de 1.075,27 €, con cargo á partida 341-224,00.”

- **4ª Resolución con data 29/04/22** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das

instalacións deportivas municipais, parte do mes de abril , por importe total de 1.607,78 €, con cargo ás partidas 342-221,00.”

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 28/04/22 .-**“1.- Aprobar as 291 solicitudes de inscrición do II Curso das Actividades Físico- Recreativas para Adultos (abril, maio e xuño), do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, co desglose por grupos sinalado no informe do Sr. director Deportivo, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para as devanditas Actividades. Agás as solicitudes de inscrición na actividade de Ximnasia Acúatica nos grupos: 2, 5 e 6, Pilates nos grupos: 4 e 5, así como as solicitudes na actividade de Aeróbic nos grupos: 1 e 3, por non alcanzar un número mínimo de inscricións para levar a cabo a actividade nos citados grupos. Polo que teñen a opción de cambiar de grupo ou actividade e/ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado para as devanditas actividades, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica), facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.”
- O Consello Reitor queda sabedor.

3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 1º TRIMESTRE, ANO 2022.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 1º trimestre 2022 (1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2022), no que a 31/03/2022, non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprindo o prazo de pago de 30 días, así como indica que:

- a) **Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 31,73 días.**
 - b) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:
 - Dentro do período legal de pago 177.617,34 €
 - Fora do período legal de pago 26,62 €
 - c) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 45.923,75 € e, fora do período legal de pago 0,00 € .
 - d) **O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 14,16 días.**
- O Consello Reitor queda sabedor.

4.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 1º TRIMESTRE DE 2022, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 1º trimestre de 2022 (1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2022), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2021.

Pola Sra. interventora/delegada da conta da Liquidación do presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa do ano 2021, co seguinte resultado:

RESULTADO ORZAMENTARIO:

Obrigas Recoñecidas netas	1.112.661,07 €
Dereitos recoñecidos netos	1.114.450,36 €
Resultado orzamentario	1.789,29 €
Desviacións positivas de financiamento	0,00 €
Desviacións negativas de financiamento	0,00 €
Gastos financiados con remanente líquido Tesourería	0,00 €
Resultado orzamentario axustado	1.789,29 €

Así como da conta da Resolución do Sr. presidente con data 04/04/2022, no que se aproba a citada Liquidación, cun resultado presupostario axustado que ascende á cantidade de 1.789,29 € e un remanente de Tesourería para gastos xerais positivo por importe de 246.350,96 €.

O Consello Reitor queda sabedor.

6.- DAR CONTA DO INFORME RESUMO ANUAL SOBRE O CONTROL INTERNO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES), EXERCICIO 2021.

Pola Sra. interventora/delegada dáse conta do informe resumo anual relativo ao control interno da Fundación de Deportes, exercicio 2021, no que sinala que:

. “En relación coa Función Interventora.- Non hai irregularidades que por tipoloxía ou por contía deba recollerse nun Plan de Acción, de todas forma podemos indicar:

Necesario tramitar as licitacións correspondentes para contratos vencidos e que se están a levar a cabo mediante contratos menores de carácter continuo e repetitivo. Expedientes DEPORT/2021/000013, DEPORT/2021/000021 e os sucesivos de tramitación de facturas.

- Recomendase tramitar contratos para gastos de carácter continuo e repetitivo.

. En relación co Control Financeiro Permanente.- Cabe recoller as seguintes conclusións e recomendacións:

- Procede dotar crédito para o reforzo da área administrativa do OOAA tal e como se sinalan nos informes emitidos con ocasión do Informe resumo anual sobre o control interno do exercicio 2020 (DEPORT/2021/000070) que figura no expediente da Conta Xeral do 2020 (DEPORT/2021/000003) e do informe do Plan anual de control financeiro 2021-2022 (INT/2020/000587

- Revisar a situación dos gastos da Fundación Fexdega asumidos pola Fundación de Deportes, que se atopan detallados no informe emitido no 2017 con ocasión da adxudicación do contrato de limpeza de instalacións e recollido no expediente DEPORT/2019/000023 que segue en vigor.

Polo que ás deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través de un plan de acción deberán incluírse as medidas de corrección correspondentes para dar cobertura as recomendacións realizadas no punto anterior e no apartado de Auditoría.”

Así como sinala que: “Con data 30 de outubro de 2020 aprobouse o Plan de Acción de control Financeiro onde se establecía un apartado para a Fundación de Deportes en relación as accións para paliar o incumprimento da lexislación de contratos, as irregularidades de gastos nas instalacións da Fundación Fexdega e a insuficiencia de medios persoais. Cabe indicar que na actualidade non se adoptaron decisións en relación as accións citadas anteriormente, non obstante ante a situación de pandemia polo Covid-19 que afectou ao exercicio 2020 e 2021, no exercicio 2021 continúan as irregularidades por gastos nas instalacións da Fundación Fexdega e a insuficiencia de medios persoais unicamente afectou a área de contratación da Fundación de Deportes.”

O Consello Reitor queda sabedor.

7.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, CORRESPONDENTE Á LIÑA 2: ... OU GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA

REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAIS, DEPORTIVOS, SOCIAIS, EDUCATIVOS, TURÍSTICOS....., PARA O PROXECTO DE: LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAS QUE SE DESENVOLVE ACTIVIDADE DEPORTIVA, MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO 2022, POR IMPORTE DE 6.000,00 €.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra en sesión con data 09/03/2022 no que se aprobou conceder unha subvención á Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa (Fundación de Deportes), por importe de 6.000,00 €, ao abeiro da “CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-23”, publicadas no BOP, o pasado día 27/11/2021, con cargo á Liña 2: Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acreedores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultaría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos....., para o Proxecto de Gasto Corrente: LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAS QUE SE DESENVOLVE ACTIVIDADE DEPORTIVA, MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO 2022, cun orzamento de 30.000,00 €, conforme á solicitude feita por este organismo autónomo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 26/01/2022.

O Consello Reitor queda sabedor.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, EXERCICIO 2022, REALIZADAS DURANTE O ANO 2021, ASÍ COMO DA SÚA SOLICITUDE E ANEXOS ADXUNTOS.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das bases da convocatoria de Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, exercicio 2022, realizadas durante o ano 2021, así como indica que a confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións contratada por esta Fundación de Deportes, para axudar aos Clubes/Entidades Deportivas a correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> e no que terán a súa disposición a **Solicitude e Anexos nos modelos normalizados**. Na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xenerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser

asinado dixitalmente polo representante legal do Club/Entidade Deportiva e, rexistrarse na Sede electrónica da Fundación de Deportes. Así como sinala que a consignación económica será por importe total de 30.000,00 €, con cargo á partida 341-483,01.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar as bases da convocatoria de Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, exercicio 2022, realizadas durante o ano 2021.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EJERCICIO 2022, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2020/21 OU, ANO 2021, ASÍ COMO DA SÚA SOLICITUDE E ANEXOS ADXUNTOS.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2022, correspondente á tempada 2020/21 ou, ano 2021, así como indica que a confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións contratada por esta Fundación de Deportes, para axudar aos Clubes/Entidades Deportivas a correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> e no que terán a súa disposición a **Solicitud e Anexos e Certificado da Federación correspondente nos modelos normalizados.** Na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xenerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal do Club/Entidade Deportiva e, rexistrarse na Sede electrónica da Fundación de Deportes. Así como sinala que a consignación económica será por importe de 82.000,00 €, con cargo á partida 341-483,00 e, en caso excepcionais, poderá aumentarse a citada consignación, coa existencia de sobrantes nas partidas coa mesma vinculación xurídica,.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar as bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2022, correspondente á tempada 2020/21 ou, ano 2021.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

- Polo Sr. Peso, pregunta cal é o criterio de valoración das bases de Fomento de Deporte Federado, no relativo á puntuación das licenzas federativas, dado que aos

Club/Entidades Deportivas de Subacúaticas, só se valoran as licenzas de competición e, non todas as licenzas federativas.

A Sra. secretaria/delegada contéstalle que conforme as bases, a todas as modalidades deportivas só se valoran as licenzas federativas que teñan competición e, non só ocorre nesa modalidade deportivas, senon, noutras como por exemplo: baloncesto, fútbol, etc...., que teñen escolas deportivas que o seu seguro son licenzas federativas que no caso de non existir competición non se valoran.

- Interven o Sr. Penas que pregunta se este ano se vai levar a cabo un curso de formación do uso da plataforma de subvencións.

A Sra. interventora/delegada contéstalle que o curso xa se realizou o exercicio pasado, no caso de existir algún Club/Entidade Deportiva de nova xeneración e/ou con algunha dúbida, tanto se poiden poñer en contacto coa Fundación de Deportes ou coa empresa adxudicataria da plataforma Cluber, S.L., que se lle informará e aclarará calqueira cuestión. Así como en caso necesario, podeselles dar formación telemática a través de video chamada coa citada empresa.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.